

Acoso escolar. Prevención e intervención ecosistémica

A nosa experiencia vén demostrar que para adiantarse aos problemas de intimidación entre iguais cómpre achegarse á realidade educativa a través dunha mirada global que integre as actuacións escolar, sanitaria e social. A intención deste artigo é dar a coñecer o traballo que, sobre este tema, desenvolve o Equipo de Orientación Específico e, á vez, ofrecer estratexias de prevención e intervención para a súa aplicación nos centros educativos.

Manuel Armas Castro

Especialista en Trastornos de Conduta do Equipo de Orientación Específico da Coruña
manuelarmas@edu.xunta.es

M.ª Luz Rey Rodríguez

Especialista en Traballo Social do Equipo de Orientación Específico da Coruña
luzrey@edu.xunta.es

As consultas sobre acoso escolar que nos chegan ao Equipo de Orientación Específico xorden, na maior parte dos casos, por iniciativa das familias. Con frecuencia son estas, antes que os centros educativos, as que detectan que algo raro está pasando na escola co seu fillo ou filla. É como se os presuntos acosadores lograsen burlar a vixilancia e observación do profesorado, e o grupo de iguais permanecese calado por medo a seren eles mesmos acosados. Desta forma a lei do silencio permite que a intimidación se instale nas relacións entre iguais. Afortunadamente a sensibilización, tanto das familias como dos centros educativos, cada vez é maior e permítenos facer actuacións de prevención e intervención cada vez máis eficaces.

Noutros casos os centros educativos solicitan a nosa intervención por problemas de conduta dalgún alumno, aparecendo o acoso escolar asociado a outros trastornos de conduta e situacións conflitivas.

Modelo ecosistémico de intervención

Sempre reconducimos a solicitude de intervención a través do centro educativo. Son o orientador e o director os que nos acaban pedindo que vaíamos colaborar na solución do problema, aínda que a primeira noticia que nos chegue sexa da familia, do pediatra, o psiquiatra ou fiscal de menores.

No proceso de avaliación sociopsicopedagóxica, no que participamos de xeito colaborador os especialistas en Trastornos de Conduta e Traballo Social, desenvolvemos as seguintes actuacións:

- Entrevista co equipo directivo e orientador ou orientadora do centro educativo.
- Entrevista co profesor tutor e profesor de apoio.
- Aplicación do cuestionario sobre acoso escolar na aula ou aulas nas que se sospeita que exista intimidación. A partir dos resultados do cuestionario,



Cando as entrevistas se producen nun clima de boa comunicación, convértense nun recurso excelente para compartir a visión do problema e buscar solucións



decidimos as persoas coas que teremos entrevistas.

- Entrevistas coas familias dos rapaces que se senten acosados, e dos presuntos acosadores.
- Entrevistas cos alumnos presuntos acosadores e acosados, previa autorización escrita dos pais.
- Conversa cos profesionais de Saúde Mental ou Servizos Sociais que teñen intervido no caso, ou se cre necesario que interveñan.
- Reunión co equipo directivo, orientador e equipo docente para completar a recollida de información e consensuar as propostas de intervención, unificando os criterios de actuación no centro educativo, coa familia e cos servizos de apoio externos.
- Elaboración de informe para articular e coordinar a intervención ecosistémica e interdisciplinar.

Protocolos de actuación

No proceso de avaliación incorporamos técnicas cuantitativas coma o cuestionario, con outras máis cualitativas como as entrevistas e reunións, utilizando instrumentos que pasamos a describir a continuación.

Cuestionario sobre acoso escolar

O cuestionario sobre intimidación que figura no Cadro 1 (Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C. e L., 2005, 2006), é un instrumento sinxelo e moi útil para detectar síntomas de violencia ou intimidación. En apenas dez minutos podemos ter unha visión global do clima da aula e de cada alumno en relación co acoso. Ademais permítenos descubrir problemas en rapaces que pasan desapercibidos e sinalan situacións de violencia familiar, de medo a ir ao colexio, de falta de respecto por parte dos profesores ou compañeiros. Podemos aplicalo como prevención, antes de que cheguen os problemas, e comentalo cos alumnos para crear na aula un clima

positivo de convivencia e colaboración.

Despois de aplicalo a máis dun milleiro de alumnos, conséntase unha fiabilidade de 0,80 e unha tendencia á estrutura unifactorial dos ítems.

Entrevistas

A partir dos resultados do cuestionario sobre intimidación, decidimos con que alumnos e familias imos ter entrevistas, sempre individuais, evitando nun primeiro momento as reunións de grupo entre familias e alumnos implicados, que case sempre teñen unhas intencións encomiables, pero acaban acotío cun enfrontamento maior. O importante na entrevista é crear un clima de comunicación entre o especialista e o alumno ou a familia, no que o guión sexa tan só un instrumento para favorecer o intercambio de información e nunca unha pauta ríxida que limite a expresión. As preguntas básicas que poden formularse tanto aos alumnos como ás súas familias poden xirar arredor dos seguintes aspectos (Cadro 2).

| | | | | | |
|---|----------------------|--------------------|---|---|---|
| Nome e apelidos..... | Clase | | | | |
| Centro: | Localidade | | | | |
| 1. Insúltanme, póñenme alcumes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2. Búrlanse de min, déixanme en ridículo | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3. Ameázanme | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4. Ándanme provocando | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 5. Obríganme a participar en “xogos violentos” | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6. Rexéitanme, non queren falar comigo, déixanme só | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 7. Moléstanme continuamente | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 8. Tócanme, danme patadas e empurróns | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 9. Fan correr rumores, contos e mentiras sobre min | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 10. Golpéanme e péganme | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 11. Róubanme cousas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 12. Fanme chantaxe e obríganme a entregarlles cartos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 13. Ameázanme se me queixo aos profesores ou á familia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 14. Agárdanme na rúa para vingarse | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 15. Mándanme ameazas en papeis ou cartas anónimas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 16. Ameázanme con SMS no móbil ou por e-mail | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 17. Na miña familia hai relacións violentas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 18. Teño medo a ir ao colexio | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 19. Teño medo a saír da casa | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 20. Encóntrome mal e choro con frecuencia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 21. Os profesores insúltanme ou fáltanme ao respecto | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 22. Intimido os compañeiros | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 23. Insulto ou falto ao respecto aos profesores | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 24. Vin como intimidaron un compañeiro | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 25. Vin como intimidaron un profesor | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 26. Falei do que me pasou cos profesores e/ou coa familia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 27. Se queres, podes escribir ou dicir o nome do amedrentador | | | | | |
| Escala avaliativa: 1 (nunca) | 2 (moi poucas veces) | 3 (algunhas veces) | | | |
| | 4 (bastantes veces) | 5 (moitas veces) | | | |

Cadro 1. Cuestionario sobre intimidación (Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C. e L., 2005)

- ¿Que pasou, como ocorreu, en que consistiu o incidente ou incidentes de acoso?
- ¿Cando se produciu?
- ¿Onde tivo lugar o incidente ou incidentes?
- ¿Quen está implicado?
- ¿Como reaccionaron os compañeiros e os profesores?
- ¿Canto tempo hai que vén producíndose o acoso?
- ¿Cales son as consecuencias da situación de acoso?
- ¿Que se fixo ata agora? Actuacións na titoría e no centro educativo, informes do centro, de Saúde Mental, de Servizos Sociais, da Fiscalía de Menores, do Defensor do Pobo...
- ¿Como podemos resolver o problema? Alternativas.
- Acordos tomados: responsables, temporización e avaliación.

Cadro 2. Entrevista sobre incidente de acoso escolar

Propostas de intervención: Informe psicopedagóxico

Na reunión co equipo directivo, o orientador e o equipo docente completamos a información recollida nos instrumentos anteriores, escoitando o punto de vista de todo o profesorado e facéndoa máis complexa ao engadirlle a perspectiva da familia e dos profesionais de Saúde Mental e/ou Servizos Sociais, cando interviron no conflito. Despois tentamos consensuar co profesorado as propostas de intervención e de prevención doutros posibles casos de acoso escolar, con medidas de tipo global, como a implicación no Plan de convivencia do centro educativo. Todo isto queda reflectido nun informe que se remite logo á Inspección, ao centro educativo, así como aos Servizos Sociais e de Saúde Mental, cando se necesita unha intervención interinstitucional.

O informe do equipo contempla xeralmente as seguintes orientacións:

Consideramos que a información recollida sobre a complexa problemática do alumno aconsella unha intervención interdisciplinar na que actuemos dun xeito coordinado Educación, Saúde Mental e Servizos Sociais.

Estimamos que convén solicitar consulta en Saúde Mental para o alumno acosado e valorar a necesidade dun apoio sistemático para superar as secuelas do acoso. Estimarase, asemade, a necesidade de que os alumnos acosadores reciban a atención psicolóxica axeitada.

No ámbito sociofamiliar contemplárase a posibilidade de que as familias dos alumnos implicados reciban un “apoio técnico” por parte dos Servizos Sociais.

No referente ao centro educativo acórdase na reunión co equipo directivo, orientador e equipo docente, aplicar de xeito coordinado as seguintes estratexias, que en parte xa se están a facer, pero nas que se trata de implicar coordinadamente a todo o sistema escolar.

No ámbito da titoría:

- Elaboración de normas antiacoso de aula, consensuadas entre profesorado e alumnado, que se revisarán semanalmente na titoría.



- Favorecer o traballo cooperativo e a tutoría entre iguais, como prevención.
- Establecer contratos de conduta no que se impliquen os alumnos acosadores, o profesor titor e a familia, para desenvolver as habilidades sociais e solución pacífica de problemas.
- Favorecer a autoestima do alumno acosado encargándolle responsabilidades na aula e dándolle estratexias diante do acoso.
- Para evitar múltiples e contraditorias intervencións do profesorado, toda a información que se lles trasmita ao alumno e á familia farase sempre de xeito unificado a través do profesor titor, en colaboración co orientador.

No ámbito do Departamento de Orientación:

- Facer un seguimento da evolución do alumno acosado e dos acosadores, coordinando as intervencións educativas, as de Saúde Mental e os Servizos Sociais.
- Reestruturar os grupos de alumnos, tendo sempre como pauta que os que deben cambiar de grupo son os acosadores e non os acosados, que deste xeito resultarían unha vez máis castigados e illados dos seus compañeiros.
- Poñer en marcha grupos de mediación entre alumnos, profesores e pais para

romper a dinámica da lei do silencio entre os compañeiros de clase e implicalos a todos contra a intimidación.

- Dinamizar as propostas de traballar habilidades sociais no ámbito das tutorías con todos os alumnos.
- Darlles estratexias de actuación ás familias, tanto dos alumnos acosados como dos acosadores, unificando criterios co centro educativo.

No ámbito do equipo directivo:

- Manter unha observación e vixilancia atentas dos lugares e tempos nos que adoita producirse o acoso: nos cambios de clase, nos corredores, nos recreos, nas entradas e saídas e nos baños.
- Non obrigar os rapaces que se senten acosados, a asistir ao centro ata que se tomen as medidas necesarias para que o alumno se sinta seguro.
- Levar a cabo as medidas de tipo organizativo que se mencionan neste informe.
- Desenvolver o Plan de convivencia anual, no que se integren todas as medidas contextualizadas para mellorar o clima de convivencia no centro, e facer prevención dos conflitos e acoso escolar.
- Dinamizar o funcionamento do Observatorio de Convivencia do Centro.

A violencia escolar vennos recordar que, tanto na sociedade como na escola, se lles está a dar cabida aos “analfabetos emocionais”, de pensamento competitivo e emocións desintegradoras, asentadas nun egocentrismo que colide coa capacidade de empatía e xera condutas destrutivas para eles mesmos e para os demais. Deberíamos ter moi presente que as finalidades do sistema educativo, aprender a coñecer, aprender a facer e aprender a convivir, sintetízanse nun principio que debería presidir todas as nosas actuacións: aprender a ser feliz. Este sería o modo máis eficaz de facer prevención e intervención ante calquera tipo de problema.

Bibliografía

ARMAS CASTRO, M. (2005) *Alumnado con problemas de conduta*. Santiago, Xunta de Galicia.

ARMAS CASTRO, M. (2007) *Prevención e intervención ante problemas de conduta. Estratexias para centros educativos y familias*. Madrid, Wolters Kluwer.

ARMAS CASTRO, M. e ARMAS BARBAZÁN, C. (2005) *Violencia Escolar (Secundaria)*. Vigo, Nova Galicia Edicións.

ARMAS CASTRO, M. e ARMAS BARBAZÁN, L. (2006) *Violencia Escolar (Primaria)*. Vigo, Nova Galicia Edicións. Versión en galego, castelán e inglés.

A Luz Rey Rodríguez

Só tiña 50 anos. O seu pasamento hai pouco máis dun mes deixou un inmenso baleiro. Traballou dez anos no Equipo de Orientación Específico e sentimos que a vida foi extraordinariamente xenerosa ao regalarnos a súa amizade. Era unha muller alegre, vital, e transparente. Decía sempre o que pensaba e afrontaba a vida con grande sentido do humor.

Estas cualidades, unidas a unha intelixencia envexable e actitude comprensiva, convertíana nunha excelente profesional do traballo sociofamiliar.

Luz tivo unha especial habilidade para ver o invisible e mostrárllelo aos demais. O seu sorriso permanecerá para sempre connosco.

Grazas Luz, por existir, por ser como eras, e por conseguir que sintamos a túa presenza.

Manuel Armas Castro

